

Resolución pola que se publica o resultado da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2020 e 2021, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

GDR 14 Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural

Convocatoria 2020-2021: proxectos produtivos/non produtivos públicos/non produtivos privados

Mediante o Acordo do Consello de Dirección da Agader do 13 de decembro de 2019 aprobáronse as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, cofinanciadas con Feader (DOG nº 246) e mediante a Resolución do 18 de decembro de 2019 do director xeral da Agader, convocáronse, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), para as anualidades 2020 e 2021 (DOG núm. 247).

Para o financiamento desta convocatoria, prevíase que no ano 2020 disporíase de 3.302.990,00 € con cargo ás aplicacións orzamentarias da Agader 14.A1.712A.7600, 14.A1.712A.7700 e 14.A1.712A.7810 (aplicación orzamentaria 14.04.712A.732.09 da Consellería do Medio Rural, proxecto 2016-00221 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural).

Para atender os compromisos derivados desta convocatoria con cargo á anualidade 2021, prevese un importe de 3.302.990,00 €, que se imputarán con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia da citada anualidade 2021.

A Resolución do 28 de xullo de 2020 do director xeral da Agader pola que se amplía a dotación orzamentaria da Resolución do 18 de decembro de 2019 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 PDR de Galicia 2014-2020), para as anualidades 2020 e 2021, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader); e pola que se aproban, dentro das disponibilidades orzamentarias globais establecidas, os importes máximos dispoñibles dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables ao abeiro da submedida 19.2 do PDR, posibilitan, para este GDR a seguinte distribución de importes por tipoloxías:

Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural do 30/03/2020

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.020	%	2.021	%	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Produtivos	62.508,20	65,00	62.508,20	65,00	125.016,40	65,00
	Non produtivos (entidades públicas locais)	7.693,32	8,00	7.693,32	8,00	15.386,64	8,00
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	23.560,78	24,50	23.560,78	24,50	47.121,56	24,50
	Formación	2.404,16	2,50	2.404,16	2,50	4.808,32	2,50
	TOTAL		96.166,46		96.166,46		192.332,92

O artigo 17.6 das bases reguladoras das citadas subvencións establece que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras publicaranse no DOG, así coma no taboleiro de anuncios da sede da



Agader (lugar da Barcia, nº56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), na web do GDR e na web da Agader (<http://agader.xunta.gal>).

Ademais, a resolución notificarase individualmente a cada interesado, remitíndolle unha copia ao GDR.

Tendo en conta que:

- A competencia para resolver sobre a concesión das axudas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en virtude do Acordo de delegación do 11 de xullo de 2013 do Consello de Dirección da Agader, feito público mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG núm. 148, do 5 de agosto).
- Existe dispoñibilidade financeira para as axudas que se propoñen.
- Existe coherencia coa proposta da Xunta directiva do GDR dos días 26/05/2020, 07/07/2020 e 14/07/2020.
- Existe coherencia cos informes proposta das resolucións individuais, emitidos polo subdirector de Relacións cos GDR

RESOLVO QUE SE PUBLIQUE O RESULTADO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS SEGUNDO SE INDICA NOS PUNTOS SEGUINTE:

- 1) Establecer a listaxe de proxectos seleccionados: produtivos (anexo I), non produtivos promovidos por entidades públicas locais (anexo II) e non produtivos promovidos por entidades privadas (anexo III).
- 2) Establecer a listaxe de proxectos en situación de lista de agarda para proxectos produtivos (anexo IV), e para proxectos non produtivos promovidos por entidades privadas (anexo V).
- 3) Establecer a listaxe de proxectos para os que procede a denegación da subvención por non cumprir algún dos requisitos indicados nas bases reguladoras e/ou na estratexia do GDR (anexo VI).



ANEXO I: PROXECTOS PRODUCTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2020	IMPORTE AXUDA 2021	Puntuación segundo o baremo
L19 1920 14 0135	Creación dun Centro de Rehabilitación Neurolóxica en Tui	Cortex Neurorehabilitación Funcional SC	24.083,23	50,00%	6.020,81	6.020,81	76,00
L19 1920 14 0134	Ampliación maquinaria clínica veterinaria-Tomiño	Veterinaria do Rosal, S.L	112.779,33	50,00%	28.194,83	28.194,84	76,00
L20 1920 14 0158	Centro da Torre (*) (**)	SENES RESIDENCIAL, S.L.	537.461,07	50,00%	28.292,56	28.292,55	72,00

(*) Expediente con resolución parcial, ten 143.414,89 € sen adjudicar por falta de fondos na tipoloxía do proxecto

(**) Desempate motivado pola puntuación obtida nos criterios de incidencia sobre o emprego

62.508,20 62.508,20

ANEXO II: PROXECTOS NON PRODUCTIVOS ENTIDADES PUBLICAS LOCAIS CON AXUDA CONCEDIDA

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2020	IMPORTE AXUDA 2021	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
L20 1920 14 0151	Baionadixital: creación de dous espazos formativos para as Ntics no centro multiusos Angel Bedriñana	Concello de Baiona	12.000,00	81,00%	4.860,00	4.860,00	46,00	ALTA
L20 1920 14 0153	E Administración no concello de Tui. Servizo á cidadanía	Concello de Tui	6.364,21	69,00%	2.195,65	2.195,65	34,00	ALTA
					7.055,65	7.055,65		

ANEXO III: PROXECTOS NON PRODUCTIVOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS CON AXUDA CONCEDIDA

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2020	IMPORTE AXUDA 2021	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
L20 1920 14 0142	Creación dun Centro Forestal Adaptado TIC	CMVMCV de San Xoán de Tabagón	228.795,47	90,00%	23.560,78	23.560,78	82,00	ALTA

(*) Expediente con resolución parcial, ten 152.878,44 € sen adjudicar por falta de fondos na tipoloxía do proxecto



ANEXO IV : LISTA DE AGARDA PROXECTOS PRODUCTIVOS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo
L20 1920 14 0155	Rehabilitación e ampliación dunha casa para a creación dunha vivenda comunitaria	Inversións Atlantico Guardes, S.L.U (*)	300.000,00	50,00%	72,00
L19 1920 14 0131	Ampliación de Centro de día Amoralia	Amoralia S.L	341.750,23	50,00%	68,00
L19 1920 14 0133	Aloxamento Hostal 3* " La Sigrina"	Borigrana, S.L.	215.856,65	50,00%	65,00
L19 1920 14 0124	Rehabilitación e ampliación dunha casa para a creación dunha vivenda comunitaria	Inversións Atlantico Guardes, S.L.U	300.000,00	50,00%	64,00
L19 1920 14 0126	Tranformación da Biomasa de Residuos Forestais para a súa posta en valor e venta como fonte de enerxía renovable	Bioperpi, S.L	475.000,00	40,00%	62,00
L20 1920 14 0139	Ampliación capacidade de produción	Hermano Freiria S.L	296.496,80	40,00%	45,00
L19 1920 14 0118	Ampliación de instalacións productivas en Plasmitec	Plasmitec 2010 , S.L	44.657,24	38,00%	43,00
L19 1920 14 0113	Moldes, reciclaxe cartón e showroom Koala Internacional	Koala Internacional Hostelería, S.L	78.017,15	33,00%	38,00
L19 1920 14 0117	Proxecto de modernización e ampliación de empresa de arquitectura Bazgocesena Arquitectura SCP	Pablo Crisóstomo Acevedo	6.186,50	33,00%	38,00
L19 1920 14 0137	Desenvolvemento de nova ubicación e ampliación da capacidade productiva e de almacenamento	Celtclinic, S.L	303.633,10	30,00%	35,00
L20 1920 14 0145	Modernización e ampliación de empresa de Comercio maior repostos e accesorios de vehículos, en Mos	Misutonida	167.152,78	24,00%	29,00
L20 1920 14 0143	Adquisición de Grua-Ponte	Equipos Metálicos Galicia, S.L	19.417,00	21,00%	26,00

(*) Desempate motivado pola puntuación obtida nos criterios de incidencia sobre o emprego



ANEXO V : LISTA DE AGARDA PROXECTOS NO PRODUTIVOS ENTIDADES PRIVADAS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Porcentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
L20 1920 14 0144	Proxecto CANLES- Camiños Asistenciais as necesidades localizadas en espazos singulares	AFAGA ALZHEIMER (Asociación de familiares de enfermos de alzheimer e outras demencias de Galicia)	69.022,65	90,00%	75,00	Alta
L20 1920 14 0140	Adquisición Furgoneta adaptada	Agrupación musical do Rosal	27.447,09	90,00%	71,00	Alta
L20 1920 14 0159	Embarcación Accesible	CLUB MINAUTA	30.997,78	90,00%	65,00	Alta
L20 1920 14 0156	Restauración e recuperación dos Chozos de Casariños e acondicionamento do seu enclave no MVMC de A Laxe	CMVMC de la parroquia de la Lage- Fornelos de Montes	41.473,07	70,00%	66,00	Media
L20 1920 14 0157	Creación da Área Recreativa de Cedeira (Redondela)	CMVMC DE CEDEIRA	71.411,69	70,00%	57,00	Media
L19 1920 14 0127	Proxecto de posta en valor de Área Recreativa de San Salvador de Tebra	CMVMC S. Salvador de Tebra	15.003,63	70,00%	56,00	Media
L19 1920 14 0129	Proxecto de posta en valor dos Muiños do Calán e o seu entorno e o Muiño de Acevedo e o seu entorno	CMVMC DE LOUREZA	49.540,00	70,00%	55,00	Media
L20 1920 14 0154	Área actividades saludables	CM STA Eulalia de Donas	90.306,00	67,00%	52,00	Media
L20 1920 14 0146	Modernización de equipamentos informáticos , mobiliario e outras necesidades para a SD Atlético Novás	SD Atlético Novás	23.540,76	54,00%	39,00	Media



ANEXO VI: EXPEDIENTES CON DENEGACIÓN DA AXUDA

Número de expediente	Promotor	Motivo	Observacións
L19 1920 14 0136	Antonio Amoedo Lorenzo	1	
L20 1920 14 0141	Rubén Blanco Pereira	6	A localización do proxecto esta excluído do territorio elexible
L20 1920 14 0148	DIS RIVAS, S.L.	5	
L20 1920 14 0149	COMPLEJO RESIDENCIAL VISTAMAR S.L.U.	1	
L20 1920 14 0150	ALENTO SERVICIOS ASISTENCIAIS, S.L.U	1	
L20 1920 14 0152	RAIANOS ALASEN, SL	6	Informe desfavorable de turismo

Motivos:

1. A solicitude de axuda está incompleta (artigo 12 das bases reguladoras)
2. O promotor non cumpre os requisitos indicados nas bases reguladoras (artigo 3 das bases reguladoras)
3. Os gastos propostos no orzamento do proxecto non son subvencionables (artigo 5 das bases reguladoras)
4. O proxecto non é elexible ao abeiro das fichas de elexibilidade das bases reguladoras e/ou da estratexia do GDR.
5. O proxecto non acada a puntuación mínima ou de corte establecida no baremo do GDR.
6. Outras: especificar a causa no apartado de observacións

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela

O Consello de Dirección de Agader

(P.D.: Acordo do 13/12/2019)

A directora xeral da Agader

(Asinado electronicamente)

Inés Santé Riveira

